


Plan Xeral De Dinamización Lingüística

CEIP Virxe de Covadonga

Curso 2020-2021



Contenido

Contenido	2
PLAN XERAL DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA. CURSO 2020-2021.....	2

PLAN XERAL DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA. CURSO 2019-2020.

Acta de Constitución

En reunión celebrada o día 8 de setembro de 2020, o Equipo de Dinamización Lingüística quedou constituído polos seguintes membros para o presente curso escolar:

D^a. Mercedes Fernández Sequeiros (2^o)

D^a Vanesa Rodríguez Basteiro (Orientadora)

D^a.M^a Dolores Castro Cruz (1^o)

D^a. M^a Dolores Pérez Nóvoa (4^o)

D^a ModestoPrada Rodríguez (Mestre de PT)

D^a Margarita Guijo (AL)

Como coordinadora do Equipo de Dinamización Lingüística nomeouse a D^a. M^a Dolores Pérez Nóvoa.

Comisión que elabora o Plan Xeral de Normalización da lingua galega:

Equipo de Dinamización lingüística, e Equipo directivo, baixo a presidencia da directora: Dona Beatriz García Rodríguez.

Planificación do traballo anual

As reunións faranse ós martes segundo o calendario presentado polo Xefe de Estudos, e noutras datas nas que sexa preciso para tratar temas urxentes:

CALENDARIO DE REUNIÓN:

MESES	DÍAS
SETEMBRO	8
OUTUBRO	6
NOVEMBRO	3
DECEMBRO	15
XANEIRO	-
FEBREIRO	9
MARZO	8
ABRIL	5
MAIO	10
XUÑO	7

Análise do estado actual da situación lingüística do Centro

Neste apartado non hai variacións significativas con respecto a anos anteriores. A lingua materna predominante no centro é o castelán, incrementándose o número de castelán falantes, debido a incorporación de novos alumnos de orixe hispano e comunitario.

No ámbito familiar a lingua empregada é o galego entre adultos, sendo o castelán a lingua empregada cos fillos/netos. O profesorado emprega a lingua galega na relación cos seus compañeiros, de forma maioritaria. Na relación cos alumnos e país/nais emprega o galego nalgúns casos, pero é o castelán a lingua máis empregada.

O persoal non docente emprega con preferencia a lingua galega na súa relación con todos os membros da comunidade educativa.

EN CANTO ÁS MATERIAS IMPARTIDAS EN LINGUA GALEGA

Naturais.

Sociais.

Lingua Galega.

Educación Musical.

Educación Física.

2. En Educación Infantil as linguas empregadas son a Castelá e a Galega, segundo a lingua materna dos alumnos. Seguirase fomentando a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, de xeito que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e co profesorado. Os libros de fichas serán en galego, agás os de lecto-escritura. O apoio a infantil farase totalmente en galego, en canto á linguaxe oral(rutinas e saúdos).
3. Na Educación primaria garantirase o cumprimento do establecido para esta etapa. Impártense en galego as áreas de naturais e sociais, música e educación física garantindo a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma.

EN CANTO OS LIBROS UTILIZADOS EN LINGUA GALEGA

Os libros de traballo e consulta que empregan os alumnos do segundo e terceiro curso pertencen as editoriais Anaya (Lingua Galega), Santillana (Naturais e Sociais) e Galinova (Música).

Os do quinto curso participan no plan EDISGAL; igual en sexto curso agás Naturais que é da editorial Santillana.

En toda a etapa de Primaria os alumnos farán, ao longo dos tres trimestres, lectura, en galego e en castelán, de contos adaptados á súa idade, dentro do Plano do hábito lector, coordinado polo equipo de Dinamización da biblioteca.

Obxectivos xerais

1) Garantir o cumprimento da lei en materia de normalización lingüística.

2) Propiciar que o galego sexa lingua normal de comunicación, expresión e traballo da comunidade educativa

Obxectivos específicos

- Estimular o uso do galego en todos os ámbitos: a docencia, a xestión administrativa, a do persoal non docente
- Promover o coñecemento e o respecto aos dereitos lingüísticos.

Medidas:

Velar polo cumprimento do Regulamento de uso do galego, e instar, de ser o caso, ao seu cumprimento.

- Facer uso das novas tecnoloxías para a dinamización lingüística.

Medidas:

Empregar o sitio web do centro e en concreto a do equipo de Dinamización Lingüística como elemento dinamizador do uso da lingua galega.

Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa as ferramentas necesarias que hai actualmente na red (correctores ortográficos, tradutores, software en galego, etc), que contribúan a facilitar o uso normal da lingua galega.

NO ÁMBITO DO ALUMNADO

- Facilitar e/ou mellorar os coñecementos de lingua galega e avanzar no proceso de normalización lingüística, prestando especial atención aos alumnos castelán falantes
- Promover o emprego da lingua galega nos traballos realizados polos alumnos/as, así como nos traballos de curso.

Medidas:

Convocar o IX certame de contos.

Promover obras de teatro en galego para representar nas propias aulas. (De non mellorar a situación provocada polo COVID)

Empregar a hora da asignatura de libre configuración “Obradoiro de expresión” para fomentar o emprego do galego.

NO ÁMBITO DO PERSOAL DOCENTE

- Consolidar a lingua galega como un dos idiomas instrumentais da docencia.
- Incrementar o emprego da lingua galega no trato fóra de clase cos demais membros da comunidade educativa.

Medidas:

Elaborar e difundir materiais de apoio lingüístico que faciliten o uso da lingua galega no ámbito docente.

Asesorar na elaboración de materiais para a docencia.

NO ÁMBITO ADMINISTRATIVO

- Consolidar a lingua galega como idioma de uso normal na xestión administrativa e documental.

Medidas:

Velar que toda a documentación administrativa e a rotulación do centro sexa en galego.

NO ÁMBITO DE RELACION COS PAIS

- Proxectar cara á sociedade en xeral e aos pais/nais en particular, as actuacións do centro en materia de normalización lingüística.

Medidas:

Asesorar ao ANPA para que os seus comunicados se fagan en galego.

Implicar os pais/ nais nas actividades extraescolares promovidas polo Equipo de D. Lingüística

NO ÁMBITO DE RELACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS, INSTITUCIÓN E CENTROS DOCENTES

- Establecer contactos con outros equipos da zona tendentes á realización de actividades conxuntas.

Medidas:

Participar se é posible en actividades conxuntas, sempre que sexan virtuais.

- Facilitar o concello e outros organismos a realización de actividades de promoción da nosa cultura.

Medidas:

Divulgación das actividades promovidas tanto polo concello de Ourense coma de outros organismos enfocadas a coñecer a nosa cultura.

Emprego do galego, con carácter xeral:

- Na relación con outras institucións
- Na elaboración dos documentos administrativos
- Na relación coas familias.
- Nas relacións co alumnado:
- Celebración de festas tradicionais: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Maios, Letras Galegas. Elaboraranse actividades para traballar dentro dos grupos burbulla, proporcionando material ao profesorado/alumnado dinámico e motivador.
- Do mesmo xeito: Celebración doutras conmemoracións: Día da Paz, Día da árbore, Día da prensa, Día do Libro...
- Confección de murais alusivos ás diferentes festas tradicionais celebradas no centro.
- Utilización de programas en galego no uso das tics.
- Editar a revista escolar "As 7 cores".
- Potenciar, desde as clases de educación física os xogos e xoguetes populares.
- Colaborar co concello nas actividades que nos propoñan e que sexan de interese, sempre que sexan non presenciais ou garantan o protocolo do COVID.
- Celebrar o IX certame de contos.
- Actividades de animación á lectura e a escritura.
- Actividades tendentes a potenciar a linguaxe oral.
- Elaborar o proxecto de fomento do galego.

En Ourense, a 22 de setembro de 2020

Vº e P. da Directora.

A coordinadora

Asdo. : Beatriz García Rodríguez

Dª Mª Dolores Pérez Nóvoa

